



## Concello de Vigo

Secretaría do Goberno Local  
Expte 598-1102

### RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA:

Dada a xestión descentralizada das competencias atribuídas ao concello en materia urbanística a través do Organismo Autónomo da Xerencia Municipal de Urbanismo (XMU) o Alcalde en calidade de Presidente da XMU e conforme o disposto no artigo 5.1.q) e 5.2 dos Estatutos da Xerencia Municipal (BOP PO nº198 6.10.2010) en relación co artigo 124.1.ñ) da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local e artigos 43 e seguintes do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais (ROF), RESOLVE

Primeiro.- Delegar na Concelleira delegada da área de Urbanismo a tramitación e resolución das solicitudes de acceso á información pública ao abeiro da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno referida ao ámbito material das súas competencias

Segundo.- Notificar a presente resolución a todos/as os/as Concelleiros/as para o seu coñecemento e efectos.

Terceiro.- Comunicar a presente resolución aos responsables dos diferentes servizos e áreas municipais para o seu coñecemento e efectos mediante a súa inserción na Intranet municipal.

Cuarto.- O presente acordo entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, publicándose así mesmo na Sede Electrónica municipal aos efectos do disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo goberno.

Quinto.- Deste acordo darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado da mesma, ao abeiro do disposto no artigo 38 do Real Decreto 2568/1986.

SGF

Conforme a Concelleira de Contratación, patrimonio e Xestión Municipal, Patricia Rodríguez Calviño

Data e sinatura dixital.

O ALCALDE, Abel R. Caballero Álvarez

Dou fe, A Secretaria de Administración Municipal, Susana Gallardo Fariña

1



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 09/08/2022 10:44	Páxina 1 de 2
Expediente/Documento 598-1102	CSV: A1ADBA-A558B4-464C2D-2XCGAW-3P2X4J-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 09/08/2022 10:44	Páxina 2 de 2
Expediente/Documento 598-1102	CSV: A1ADBA-A558B4-464C2D-2XCGAW-3P2X4J-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		